

COMUNICADO Nº 020/24

26 DE XANEIRO DE 2024

2024



19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN  
PILOTO (BECA PXP 25)



FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO

- ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.**
- ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.**
- ARTIGO 3 ASPIRANTES.**
- ARTIGO 4 INSCRICIÓN.**
- ARTIGO 5 REGULAMENTO TÉCNICO.**
- ARTIGO 6 PRBAS PUNTUABLES.**
- ARTIGO 7 VERIFICACIÓN.**
- ARTIGO 8 REGULAMENTACIÓN DEPORTIVA.**
- ARTIGO 9 PUNTUACIÓN.**
- ARTIGO 10 PREMIOS.**
- ARTIGO 11 PUBLICIDADE**
- ARTIGO 12 COMISARIO DE SEGUIMIENTO**
- ARTIGO 13 MODIFICACIÓN Ó REGULAMENTO**
- ARTIGO 14 CADRO DE SANCIONES**
- ARTIGO 15 BECA PXP, PREMIO FINAL**
- ARTIGO 16 POSTOS DE SAÍDA**

**Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.**

A Federación Galega de Automobilismo en colaboración con "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", organizan o 19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25), coa expresa finalidade de estimular a participación nas competicións automobilísticas de Galicia. O presente Regulamento complementarase co ANUARIO DE GALICIA 2024, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste regulamento.

**Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.**

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, e un representante de "**Pirelli Neumáticos, S.A.U.**".

En tódalas probas puntuables haberá un Comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlar a perfecta ubicación da publicidade nos vehículos e do estrito cumprimento do regulamento técnico, administrativo, e deportivo.

**Artigo 3.- ASPIRANTES.**

Os aspirantes a participar no 19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25) teñen que reuni-las seguintes condicións:

1.- Formaran parte integrante do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, todos aqueles deportistas, nados en Galicia ou os que nacendo fora estean empadroados e teñan a súa residencia oficial en Galicia, e a tiveran como mínimo durante dous anos antes o ano da celebración da tempada-promoción na que desexaran participar, e que oficialmente se atopen inscritos nesta, con aceptación oficial e expresa do Comité Organizador. Deberan acreditar o cumprimento destes requisitos achegando certificado de nacemento ou de empadroamento no que conste a antigüidade.

**2.- Licenzas: Posúilas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto, a participar nas probas indicadas no art. 6.**

**3.- Tódolos gañadores das Formulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando aos premios en metálico exclusivamente, coa excepción dos becados (PXP) que non poden optar a repetila beca PXP.**

4.- Os pilotos que se inscriban nunha Formula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada, non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte previa autorización da F.G. de A.

5.- A participación na **8ª PROMOCION XOVEN PILOTO 2024 (Beca PXP25)**, esta reservada exclusivamente para pilotos que teñan idades entre 18 e 28 anos. Para optar a Beca PXP25 (en concordancia coa "Beca 2024 outorgada pola F.G. de A." o gañador ten que ter menos de 29 anos o primeiro de xaneiro de 2024. O mero feito de enviala solicitude non implica a aceptación da mesma. As inscricións serán efectivas ó comunicarllo o Comité Directivo ó interesado en documento habilitado para elo, ("Junior"), nados en Galicia ou os que nacendo fora estean empadroados e teñan a súa residencia oficial en Galicia, e a tiveran como mínimo durante dous anos antes o ano da celebración da tempada-promoción na que desexen participar, e que oficialmente se atopen inscritos nesta, con aceptación oficial e expresa do Comité Organizador ao seu exclusivo criterio de aceptación ou de refuxamento. Deberán acreditar o cumprimento destes requisitos achegando certificado de nacemento ou de empadroamento no que conste a antigüidade.

6.- O copiloto no 18º VOLANTE F.G.A. - 8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25), pode ser Junior ou Sénior, non sendo esta condición excluínte para que o piloto poida optar á 8ª PROMOCION XOVEN PILOTO 2024 (BecaPXP25).

**7.- "Pirelli Neumaticos, S.A.U.", e a Federación Galega de Automobilismo, resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición no 19º VOLANTE F.G.A.-8ª 8 2024 DE GALICIA (Beca PXP25) sen ter que xustificalo.**

8.- Os pilotos e copilotos participantes dentro das copas PIRELLI, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, portando a indumentaria subministrada por PIRELLI que se lles entrega durante a tempada, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.

9.- Para puntuar o piloto inscrito ten que conducir o 100% dos treitos cronometrados.

#### Artigo 4.- INSCRICIÓNS.

4.1.-Tódolos interesados en inscribirse no **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita na <http://www.fga.es/>.

4.2.-Tense que adxuntar factura da empresa "**AMF MotorSport, S.C.G.**", da compra de alomenos 5 pneumáticos da marca PIRELLI debidamente marcados para ó **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, e tódalas que se utilicen nas probas do Campionato. As pinzas de freo terán que selas orixinais de cada modelo, de serie, e o diámetro dos discos terá que ser da mesma medida cos orixinais ou doutra marca similar. As pastilla de freo quedan libres.

4.3.- **O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa incrición no prazo estipulado.**

<http://www.fga.es/formularios/index.php/CopasVolanteFga/CopaVolanteFga>

Unha vez aceptada a inscrición no **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** o participante estará oficialmente inscrito neste.

#### Artigo 5.- REGULAMENTO TECNICO

##### 5.1.- VEHÍCULOS ADMITIDOS

Vehículos con motor atmosférico de ata 1.600 c.c., que terán que solicitar a Federación a aceptación do vehículo, para que se lle expida pasaporte o efecto de admisión-inclusión, e manter criterio de igualdade mecánica. Autorízase a monta de bloque-culata do modelo NFU e NFX, ante a escaseza do modelo autorizado ata a data.

Exemplos:

Citroën Saxo (8v e 16v), Citroën C2 GT, Peugeot 206, Peugeot 106, Opel Corsa (8v e 16V), Ford Fiesta, Suzuki Swift, VW Polo, Seat Ibiza, Toyota Yaris (antigo e novo modelo), Ford Focus, Renault Clio (8v e 16v), Hyundai Accent, Nissan Micra, Skoda Fabia, Honda Civic, Opel Astra, Fiat Punto, Dacia Logan, Citroën C3, DS3, Renault Megane, Lada, Volvo 030, etc.

NOTA: Quedan excluídos os vehículos turboalimentados, ou provistos de compresores volumétricos, sendo reservada a admisión exclusivamente a vehículos atmosféricos con xestión por centralita de estrieta serie (precintada).

Mecánicas de estrieta serie, centralitas de serie, amortecedores con prohibición de botellas externas, caixas de cambio de serie, prohibición de autolocantes, prohibición participación de vehículos que non teñan a súa xestión a través da centralita de serie, cilindrada máxima de ata 1.600 c.c., prohibición desinstalación - substitución de lúas ou cristais por policarbonatos, cadro e instrumentación de orixe, con autorización de desmontaxe das moquetas e substitución dos tapizados, cadro do salpicadero de reloxos de orixe, etc.

**TODO O QUE NON ESTEA AUTORIZADO POR ESCRITO NESTE REGULAMENTO ESTA PROHIBIDO.**

##### 5.2.- PREPARACION ADMITIDA

- Todos os vehículos participantes no Volante, deberán cumprir con todos os requisitos en materia de seguridade tal e como reflicte o Art. 253 do Anexo J do C.D.I., agás as excepcións que estean permitidas no anuario da F.G.A. 2024, e concorden con este regulamento.
- As modificacións técnicas máximas permitidas nos vehículos, serán as reflexadas no Artigo 254 do Anexo J, para vehículos de produción Gr. N, inclusive os vehículos que xa perderan a homologación FIA ou que nunca o posuíron, salvo as restricións indicadas a continuación.

**Motor:** De estrieta serie, e de orixe do vehículo.

Regulador de presión de gasolina: o de orixe do vehículo.

**Radiador e electro ventilador:** Deberán selos de orixe do vehículo, mantendo o seu emprazamento, numero e dimensións

**Escape:** Colectores e liña de escape libre.

**Admisión:** Caixas orixinais ou de serie compatibles doutros vehículos, tubo de canalización aire e elemento filtrante é libre. Autorízase mariposa de admisión por cable da mesma marca e diámetro co orixinal.

Electrónica: Centralita de estrita serie do fabricante. Terase que enviar a Federación para comprobar e precintar, antes da participación da primeira proba na que se desexe competir alomenos 10 días antes. O custo será de 80 euros, mais I.V.E., que serán abonados integramente o Enxeñeiro, e a factura oficial será expedida pola Federación Galega de Automobilismo. Non está permitido a instalación de control de saída, nin limitador de voltas electrónico.

**Instalación Eléctrica:** Poderase simplificar, o cabreado da instalación eléctrica, e incluír unha instalación con relés para os faros supletorios, pero débese manter de orixe a parte da instalación e conexión da centralita.

**Caixa de Cambio:** Do vehículo de serie. Autorízase a substitución do grupo e relación de marchas por outras de orixe do mesmo fabricante. Prohíbense caixas secuenciais, dentes rectos, ou crabots. Da mesma forma prohíbense o uso de pezas específicas de competición no cambio ou no grupo. Autorízase o uso de palanca de cambio tipo "quickshift" no aloxamento orixinal

Autolocante: Prohibido.

**Suspensión:** Prohibidos amortecedores con botella separada, autorizados copelas de aluminio regulables, barras de torsión traseiras de diámetro libre no aloxamento orixinal. Autorízase a modificación da batalla orixinal en 50 mm.

**Freos:** Os freos terán que ser das mesmas medidas que os orixinais (discos e pinzas), pero os designados no artigo 4 a marca é libre (pastillas).

Débese manter a instalación do servofreo, pero pódese anular por estrangulación ou desconexión do tubo de vacío. A bomba de freo debe manterse o número e o diámetro da de orixe do vehículo.

Permítese a instalación de freo de man hidráulico e repartidor de freada, segundo Art. 254 anexo J.

**Dirección:** Será a de orixe do vehículo, prohibidas as direccións rápidas e acortadores de recorrido. Deberase manter a bomba de dirección asistida de orixe e no seu emprazamento orixinal.

**Carrocería:** Queda prohibida a modificación, alixeiramento ou substitución dos elementos da carrocería orixinal por outros de fibra, carbono, kevlar, etc. (portas, capots, aletas, etc.). Cadro e instrumentación de orixe prohibida a monta de pantallas dixitais adicionais. Cadro do salpicadero de reloxos de orixe sen alixeiramentos ou recortes, salvo os necesarios para a monta da xaula de seguridade. Autorización de substitución dos tapizados segundo o artigo 254 anexo J. Autorízase a montaxe de trampillas ou tomas de aire de ventilación no teito.

**Parabrisas:** O orixinal do vehículo e laminado.

**Ventanillas e lúa traseira:** Esta prohibida a súa substitución, tendo que mantelos orixinais (vidro), sendo obrigatorio o seu laminado, e prohibida a instalación de policarbonatos.

**Combustible:** Prohíbese o uso de Etanol ou Bioetanol, que non sexa o subministrado en surtidores públicos sendo os únicos combustibles autorizados gasolina 95 e 98 con bioetanol de venda en surtidor e sen aditivos adicionais, e poderase extraer mostras de combustible dos participantes para o seu análise.

**Tacos de Motor:** Para unha maior fiabilidade autorízase a monta de tacos de motor de teflón nos vehículos participantes no Volante 2024 e participante na PXP, e vindeiros.

### 5.3.- PNEUMÁTICOS OBRIGATORIOS

.- Tódolos vehículos terán que competir con pneumáticos de tipo:

.- Pirelli PZERO nas versións RA e RW

Tódolos participantes terán que comprar alomenos 5 pneumáticos, a AMF MotorSport, S.C.G., telf.: 986640715-607930393-616784863.

.- Control de Pneumáticos: Queda terminantemente prohibido tapalos códigos FIA de cada pneumático e o seu composto.

Para a tempada 2024 terán un selo (Código de Barras FIA) identificativo do que se levará un control estrito. O non posuílo implica a descalificación do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**.

Os discos, latiguillos, e as pastillas iran sen marcaxe especial de identificación en tódolos rallyes. En tódolos vehículos admítense a monta das lamias e pneumáticos de 14, 15 e 16 pulgadas, a elección é a criterio do equipo

participante. Si un vehículo tivera, de serie, unha lamia-pneumático de maior medida terá que solicitar autorización de utilización a Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

#### Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para o 19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25), serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
15/16/17-03-2024	28º RALLYE DE A CORUÑA	ONE SEVEN RACING
05/06/07-04-2024	28º RALLYE DO COCIDO	LALIN-DEZA
19/20/21-04-2024	38º RALI BERBERECHO DE NOIA	BERBERECHO
10/11/12-05-2024	6º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORT
21/22/23-07-2024	3º RALLYE COMARCA DO CARBALLIÑO	JBL MOTORSPORT
23/24/25-08-2024	55º RALLYE DE FERROL	A. FERROL
20/21/22-09-2024	12º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA	LUINTRA
18/19/20-10-2024	46º RALLYE SAN FROILAN	MIÑO LUCENSE
08/09/10-11-2024	4º RALLYE RIBEIRA-RIA DE AROUSA	RIBEIRA RIA DE AROUSA

#### Artigo 7.- VERIFICACIÓNS.

Antes da primeira proba verificarase a cilindrada dos vehículos, e se precintarán cárter e culata.

Antes de cada proba, os Comisarios Técnicos do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** poderán verificar os precintos e todo o vehículo en xeral. Estas verificacións, se se convocan, serán independentes das verificacións do rallye que se vaia a celebrar, e serán obrigatorias para tódolos pilotos inscritos na proba. Calquera infracción ao regulamento técnico ou deportivo, ou a non presenza dalgún dos precintos, ou do seu irregular estado, nas verificacións dunha proba, suporá unha sanción para o piloto, ou equipo, e/ou a non autorización a tomala saída nese rallye, dentro do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, o que será comunicado á Federación por se houbera lugar a apertura de expediente polo Tribunal Galego de Apelación. O horario e lugar destas verificacións comunicaranse aos participantes a través de correo electrónico. O horario establecido para tales verificacións, deberá ser respectado. A non presenza nestas verificacións previas **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, e será comunicado exprésante á Secretaría da Federación Galega de Automobilismo. Os Comisarios Deportivos do Rallye, poderán ordenar unha verificación en calquera momento do desenvolvemento da proba, para comprobar o correcto cumprimento do Regulamento Técnico.

**As Verificacións Técnicas de Oficio, despois ou durante o transcurso dunha proba**, así como os que se efectúen por reclamación doutro concursante, serán realizadas polos Comisarios Técnicos da proba, e o Comisario Técnico permanente do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**.

Todo piloto, copiloto, ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe e se fose por motivos deportivos en función da gravidade poderá ser excluído da copa, trofeo u campionato. Todo piloto, ou equipo, deberá cerciorarse, antes de abandonar o Parque Pechado-Parque de Traballo, se o seu vehículo foi seleccionado para ser verificado. En caso afirmativo, este deberá permanecer xunto ao mesmo ata que sexa iniciada a verificación. A partir dese momento e durante o transcurso da verificación, o concursante ou persoa en que delegue por escrito, deberá estar presente na mesma. O incumprimento desta norma non interromperá o proceso de verificación. Así mesmo, lémbrese que corresponde ao concursante prestar a debida colaboración para ser informado de calquera citación, resolución, ou convocatoria realizada polos Oficiais da proba no

desenvolvemento da mesma, ou comisarios do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**.

Todo piloto inscrito no **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** acepta sen reservas nin condicións o ditame técnico que sobre o seu vehículo emitan os Comisarios Técnicos, con conformidade dos Comisarios Deportivos e só pode apelar ao Tribunal Galego de Apelación, e en última instancia ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 8.- REGULAMENTACION DEPORTIVA.**

A maiores do presente regulamento do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, son de aplicación e cumprimento os regulamentos indicados, no Artigo 1 do regulamento xeral do Campionato de Galicia de Rallyes en Asfalto 2024. Sendo acatados por tódolos equipos inscritos.

#### **Artigo 9.- PUNTUACIÓN:**

En cada unha das probas puntuables, para o **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

9.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>	<b>7º</b>	<b>8º</b>	<b>9º</b>	<b>10º</b>	<b>11º</b>	<b>12º</b>	<b>13</b>	<b>14º</b>	<b>15º</b>
<b>35</b>	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

9.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.

9.3.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós puntos nesa proba.

9.4.- A clasificación final do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento descontando os tres peores resultados (de celebrarse os nove rallyes); si se celebran oito probas, ou menos, descontaranse os dous peores resultados para o computo final. Se un participante non toma parte en algunha das probas, a mesma poderase descontar para a clasificación final. O vencedor da BECA PXP 25 será o primeiro clasificado JUNIOR do 19º VOLANTE F.G.A. 2024

9.5.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

#### **Artigo 10.- PREMIOS:**

A) En cada un dos Rallyes puntuables para a o **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós premios en metálico nesa proba.

**Premios POR PROBA (JUNIOR E SENIOR):**

<b>ORD.</b>	<b>VOLANTE FGA</b>
1º	1.000 €
2º	500 €
3º	300 €
4º	200 €
5º	100 €

Tódolos premios deste apartado serán abonados pola F.G.A., e "Pirelli Neumáticos, S.A.U." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF. A clasificación final será conxunta. O primeiro clasificado junior será o vencedor e será premiado coa Beca PXP 25.

#### **PREMIOS FINAIS**

PREMIOS FINAIS SCRATCH

VENCEDOR PILOTOS – TROFEO BRONCE

VENCEDOR COPILOTOS – TROFEO BRONCE

SUBCAMPION PILOTOS – TROFEO BRONCE


SUBCAMPION COPILOTOS – TROFEO BRONCE

**Artigo 11.- PUBLICIDADE:**

Tódolos vehículos deberán portar un parasol coa inscrición PIRELLI (parabrisas dianteiro) na parte superior, e un parasol traseiro coa inscrición PIRELLI-DRIVER, 4 pegatinas de PIRELLI (27,5X8,5cm.), dúas nas esquinas superiores da defensa dianteira, e dúas pegatinas na parte superior da defensa traseira (Nota: Obrigatoriamente teranse que ver na parte dianteira e traseira do vehículo, ou sexa, nunca postas nas partes laterais das defensas), e dúas pegatinas debaixo do número de competición, nas portas dianteiras (47X24cm.), coa inscrición VOLANTE FGA-PIRELLI.

Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos do **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**.

O parasol dianteiro e o traseiro ten que portarse en exclusiva **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, sopena de exclusión.

**Artigo 12.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:**

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo control da publicidade e todo o concernente ó bo desenvolvemento e imaxe da **19º VOLANTE F.G.A.-8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)**, así como da comprobación do marcaxe dos pneumáticos, e do debido control da perfecta colocación das pegadas.

**Artigo 13.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO.**

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicárase ós inscritos mediante un complemento, coa publicación na páxina (<http://www.fga.es/>), e por correo electrónico ós inscritos.



**Artigo 14.- CADRO DE SANCIONES:**

Serán de aplicación todas as seguintes sancións, as estipuladas nas Prescricións comúns xerais dos campionatos de Galicia, nas Prescricións comúns para rallyes e as indicadas a continuación:

Falsidade na solicitude de inscrición	Descalificación/ Exclusión
Cambio de vehículo sen autorización	Invalidez resultado e premios
Non cumpri-las normas de publicidade	Descalificación/ Exclusión
Descalificación por motivos técnicos	Ver regulamento e acta Comisarios Deportivos (xerais ou específicos).
Calquera irregularidade no marcaxe dos pneumáticos PIRELLI (Pegada).	Descalificación/ Exclusión total do VOLANTE F.G.A.2024/PXP 2025
Calquera irregularidade no marcaxe dos discos e pastillas	Descalificación/ Exclusión total do VOLANTE F.G.A.2024/PXP 2025
Manipulación ou falta de precintos oficiais na centralita, na caixa de cambios, etc.	Descalificación/ Exclusión total do VOLANTE F.G.A.2024/PXP 2025
Barras antivuelco	Só serán admitidas as homologadas, con certificado e selo/troquel, do fabricante. Opcionais: Cruces na zona das portas.
Reforzos de carrocería	O reforzo da carrocería é libre.
Puente traseiro	Só se admite, exclusivamente, o de orixe.

O equipo participante dentro da **8ª PROMOCION XOVEN PILOTO 2024 DE GALICIA (Beca PXP25)** que incorra nalgunha destas sancións, poderá conlevar a perda do premio final da BECA PXP25, dependendo da gravidade e baixo estudo exclusivo do Comité Organizador da BECA PXP25, coa Asesoría Xurídica da Federación Galega de Automobilismo.

**Artigo 15.- BECA PXP, PREMIO FINAL:**

A "8ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2024" (BECA PXP25) crease, exclusivamente para os participantes Junior (piloto), unha beca para o gañador (de 18 a 28 anos). A beca consiste na participación "Junior Gañador 2024", para a tempada 2025, nos rallyes do Campionato de Galicia da especialidade, puntuables para o Campionato de Galicia de Rallyes, da tempada 2025, cun RALLYE 5, becado pola Federación Galega de Automobilismo, e Pirelli Neumáticos, S.A.U, e AMF Motorsport. A Federación Galega de Automobilismo abonará as inscricións, o seguro a todo risco, o aluguer do vehículo, os dous monos de competición, a rotulación do vehículo, os consumibles, a asistencia, o transporte do vehículo e o hospitality do piloto e copiloto. "Pirelli Neumáticos, S.A.U." aportará os cinco pneumáticos (cupo) por proba; e en caso de excepcionalidade ou choiva a criterio do director de equipo pódese variar ou amplialo cupo por rallye.

"AMF Motorsport" dará o servizo de asistencia de pneumáticos con indicación, asesoramento das montas e presións necesarias.

Esta BECA poderá substituírse por un premio de análogas características para a tempada 2025, debidamente motivado e consensado, a criterio do Comité Organizador.

**Artigo 16.- POSTOS DE SAÍDA:**

Os postos de saída na primeira proba a celebrar serán por clasificación final do Campionato de Galicia do ano anterior. A partir da segunda proba sairase por orde de clasificación no Campionato de Galicia de Rallyes 2024. Únicamente os Comisarios Deportivos o seu exclusivo criterio e por motivos de seguridade, poderán efectuar cambios na orde de saída dos participantes.